

- **¿Qué pretendemos con Concilia Vacacións 2018?**

Concilia Vacacións pretende axudar na tarefa da conciliación da vida laboral e familiar a tódalas familias, pero con especial atención a aquelas que estean nunha situación de maior vulnerabilidade. É unha medida contemplada dentro do II Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2016-2020. Este ano presentamosvos un novo proxecto que engloba diferentes áreas de traballo: a estimulación sensorial a través da música e outros elementos da natureza e a educación medioambiental

A través dunha personaxe: MIÑOCA os nosos nenos e nenas traballarán os diferentes sentidos (tacto, gusto, olfato, vista e oído) ao longo das diferentes quendas. Ó mesmo tempo poderán aprender a coidar o medio ambiente da millor maneira posible e centrando este ano nun obxectivo concreto: REDUCIR A PRODUCCIÓN DE RESIDUOS, especialmente plásticos. Visitaremos diferentes lugares do noso Concello e veremos como tratan e aproveitan os residuos así como ulir o que se coce na Panadería da Esquina, probar o que se cociña no Gaibor ou tocar e ver o que se planta en Hortalizas do Lar. Pardiñas, Santa Mariña ou os Vilares son por exemplo outros lugares que visitaremos. Coma todos os anos desfrutarán dun día de piscina semanal se o tempo o permite.

- **HORARIOS E QUENDAS:**

- QUENDA 1: Miñooca toca e verás! . Na 1ª quincena de xullo: do 1 ao 15
- QUENDA 2: A que che cheira Miñooca? . Na 2ª quincena de xullo, do 16 ao 31
- QUENDA 3: Que escoitas Miñooca? Na 1ª quincena de agosto: do 1 ao 15
- QUENDA 4: Mmmm... que ben sabe Miñooca!. Na 2ª quincena de agosto: do 16 ao 31.

⇒ **O horario será de 10:00 a 14:00 e para nenos/as de 3 a 8 anos de idade; é dicir os/as nados/as entre os anos 2009 e 2014. O punto de encontro será sempre a Casa Habanera.**

⇒ **Prazo de inscrición: ata o 20 de xuño ou ata completar prazos.**

- **SISTEMA DE ACCESO:**

Para realizar a actividade deberá haber un mínimo de 8 nenos senón esa quenda quedará suspendida ou se unificarán quendas.

Terán prioridade aquelas familias nas que ámbolos proxenitores estean a traballar e os ingresos sexan menores ó 6.5 veces o IPREM. Tamén terán un acceso prioritario aquelas familias en situación de especial vulnerabilidade: minorías étnicas, vítimas de violencia de Xénero, familias con membros con diversidade funcional, perceptoras de rendas de inserción, dependencia, menores tutelados ou noutra situación de protección, outros...

Por outra banda terán prioridade os empadroados sobre os non empadroados e por último terase en conta a orde de inscrición.

No caso de haber máis solicitudes que prazas a lista de admitidos publicarase o 26 de xuño. Unha vez publicada os nenos e nenas admitidas terán un prazo de 10 días hábiles para efectuar o pago e entregar o xustificante. O pago efectuarase no seguinte número de conta:

ES20 2080 0122 4631 1000 0022

- **Documentación a aportar:**

- **Solicitud de inscrición debidamente cuberta.**
- **Fotocopia da Tarxeta Sanitaria. (se é a primeira vez)**
- **Fotocopia do DNI do pai ou nai.**
- Poderase requerir, se se considera necesario, a documentación que se considere oportuna para xustificar as situacións declaradas.

PREZOS INCREMENTOS E BONIFICACIÓNS:

- **PREZO XERAL: 30.00€ por cada quenda.**
- Bonificación dun 10% se se matricula en 2 ou máis quendas
- Se se matricula nas 4 quendas o prezo total redúcese a : 100€
- No caso de irmáns: bonificación do 20% a cada un.
- Familias monoparentais/monomarentais e numerosas bonificación dun 20%.
- Bonificación ata un 50% a valorar por servizos sociais para familias en situación de vulnerabilidade. (Disposición adicional única Resolución 29 de Decembro de 2017 da Secretaría Xeral da Igualdade)
- Incremento dun 20% para cando ningún membro da unidade familiar (pai, nai, irmás) estea empadroado no Concello .
- Despois de pagala cota entregárase un xustificante no Concello.

Anímate e Insíbete ata o 20 de xuño!

CONCILIA VACACIÓNS

Miñoa coñece os sentidos!



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade



UNIÓ N EUROPEA



Rúa do Concello 4, 27300 Guitiriz
Tef: 982.370.109
www.concellodeguitiriz.com
Concellalía de Benestar Social



